

Os empresarios promoven unha maior integración dos mercados portugués e español

Actualidade	2
Emprego	4
Cooperación	8

Na segunda semana de maio, os gobernos de Portugal e España retomaron a celebración dos cumios bilaterais entre ambos os dous países. A última vez que os seus principais mandatarios se reuniron para tratar os temas de interese común foi en xaneiro de 2009. De xeito paralelo a esta iniciativa, que tivo lugar en Porto, as organizacións empresariais máis significativas de ambos os dous países convocaron dúas xornadas de traballo.

A elas asistiu a Confederación de Empresarios de Galicia, en representación dos empresarios galegos. Cómpre recordar que a Eurorrexión que conforma o norte de Portugal e Galicia é o territorio, con 6,4 millóns de habitantes, máis poboado entre as rexións limítrofes de ambos os dous países. Á marxe deste dato, as relacións entre un e outro lado da fronteira sosteñen unha dinámica de traballo ampla e ben asentada, onde flúen con facilidade o intercambio de mercadorías, servizos e traballadores.

Os temas tratados polo sector privado en cada un deses días foron numerosos. Analizouse a situación actual dos respectivos mercados e as reformas estruturais que ambos os dous países están a impulsar co obxectivo de adaptarse á difícil conxuntura que atravesan. Ao longo das reunións formuláronse tamén outras cuestións relacionadas coas principais áreas de interese. Entre outras, no sector das infraestruturas propúxose reactivar o investimento público para novos proxectos, e da política de mantemento das xa existentes, explorando a colaboración público-privada.

En canto á cooperación transfronteiriza, os empresarios concluíron que debe poñerse en marcha un observatorio para promover unha maior interrelación dos mercados español e portugués, mediante a eliminación de obstáculos e barreiras ao comercio. Entre outras propostas, destacaron tamén que hai que impulsar a cooperación entre as organizacións territoriais das respectivas organizacións empresariais e mellorar a loxística empresarial para alcanzar unha plena integración do mercado ibérico.

Para facilitar un marco propicio que permita avanzar cara a esa integración, a Comisión Europea elaborou unha nova normativa que busca conciliar a libre circulación de traballadores e a prestación de servizos transnacionais. Unha norma da que este boletín dá conta polo miúdo nas súas páxinas interiores. Ademais, inclúese o habitual panorama sobre o mercado laboral na Eurorrexión e novas ofertas de cooperación que permitan fornecer, baseándose en novos vínculos económicos e comerciais, a estreita relación que caracteriza a ambos os dous países, tal e como os presidentes de Portugal e España expresaron no transcurso do cumio bilateral.



Nova normativa europea para conciliar a libre circulación de traballadores e a prestación de servizos transnacional

O desprazamento de traballadores na súa regulamentación actual

En 1996, a Comisión Europea adoptou a Directiva 96/71/CE sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos (en diante, a directiva)¹, co obxectivo específico de coordinar os dereitos dos traballadores desprazados co exercicio da libre prestación transnacional de servizos. Para iso, estableceu unha serie de condicións mínimas de traballo que o prestador de servizos debe cumprir segundo as normas (disposicións legais ou administrativas) e en determinados supostos segundo convenios colectivos ou laudos arbitrais do país no que prestan o servizo:

- tempo de traballo, vacacións e salario mínimo;
- saúde, seguridade e hixiene no traballo;
- medidas de protección aplicables ás condicións de traballo e emprego de mulleres embarazadas, nenos e mozos;
- igualdade de trato entre homes e mulleres e non discriminación.

Ademais, a directiva establece disposicións para facer efectivo o seu cumprimento: facilitar o acceso á información sobre as medidas establecidas por cada Estado e a cooperación administrativa entre os diferentes países.

Esta directiva traspúxose os ordenamentos xurídicos nacionais a través de diferentes instrumentos. No caso de España, fíxose a través da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacionais², que establece as condicións mínimas de traballo que os empresarios deben garantir aos seus traballadores desprazados temporalmente a España no marco dunha prestación de servizos transnacional, calquera que sexa a lexislación aplicable ao contrato de traballo.

No caso de Portugal, traspúxose inicialmente a través da súa Lei 9/2000, do 15 de xuño³ e actualmente a través do seu Código do Traballo⁴ (artigos 6 a 8).

A aplicación das garantías establecidas pola directiva non son sinxelas de implementar polos operadores nin de controlar por parte dos Estados membros. Xurdiron problemas significativos que deron lugar a un importante labor de seguimento e análise por parte das institucións da Unión Europea, que finalmente desembocou nunha proposta lexislativa en marzo de 2012.

Con todo, xa foi en 2007 e 2008 cando as sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE⁵, nas que se analizaban determinados aspectos de aplicación da directiva, abriron un amplo debate sobre a necesidade de tomar medidas lexislativas ou doutra índole para aclarar e conciliar a prestación de servizos transnacionais e determinados dereitos dos traballadores, como o dereito de folga ou determinados dereitos tidos en conta na directiva, que, en virtude da interpretación que cada Estado fixese, pode dar lugar a niveis de protección moi diferentes.

¹ Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) núm. L 17, do 21 de xaneiro de 1997.

² Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 286, do 30 de novembro de 1999.

³ Diário da República núm. 137, do 15 de xuño de 2000.

⁴ Aprobado pola Lei 7/2009, do 12 de febreiro, Diário da República núm. 30, do 12 de febreiro de 2009.

⁵ Sentenzas do 11 de decembro de 2007, Viking (C-438/05); do 18 de decembro de 2007, Laval (C-341/05); do 3 de abril de 2008, Ruffert (346/06), e do 19 de xuño de 2008, Comisión/Luxemburgo (C-319/06).

En 2008, a Comisión Europea adoptou unha recomendación para favorecer un maior nivel de cooperación entre os Estados membros⁶ que redundase en beneficio dos dereitos dos traballadores e creouse un Comité de Expertos sobre Desprazamento dos Traballadores, para poñer en común información e mellorar a implementación da directiva⁷.

A partir de 2009, esa necesidade deu lugar a que a Comisión Europea anunciase o seu compromiso de promover unha iniciativa lexislativa, abrindo un debate sobre o enfoque e o seu alcance, á que responderon empresarios e sindicatos con propostas diverxentes.

A Comisión Europea formalizou o seu compromiso a través da súa Comunicación do 13 de abril de 2011 (*Acta do Mercado Único. Doce prioridades para estimular o crecemento e reforzar a confianza*)⁸, na que establece doce prioridades, entre as que figura unha iniciativa lexislativa que mellore e reforce a transposición, a implementación e o cumprimento na práctica da directiva sobre o desprazamento de traballadores.

A nova proposta normativa

A proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á garantía de cumprimento da Directiva 96/71/CE sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos (en diante, a proposta de directiva)⁹, non implica unha modificación da Directiva 96/71/CE, senón un instrumento que pretende establecer medidas e mecanismos de control apropiados para unha mellor implementación, aplicación e garantía daquela. En especial para previr e sancionar calquera abuso e evitación das normas aplicables.

A finalidade da nova norma será garantir que se respecte un nivel apropiado de protección mínima dos dereitos dos traballadores para a prestación de servizos transfronteiriza, ao facilitar ao mesmo tempo o exercicio da libre prestación de servizos aos seus prestadores e ao promover a competencia leal entre eles¹⁰.

Principais aspectos que ten en conta a proposta de directiva

Introdución de criterios interpretativos

A Directiva 96/71/CE define o traballador desprazado como aquel que durante un período limitado, realice o seu traballo no territorio dun Estado membro distinto daquel en cuxo territorio traballe habitualmente¹¹. Ademais, a dita directiva só se aplica ás empresas establecidas nun Estado membro que, no marco dunha prestación de servizos transnacional, despracen a traballadores no territorio dun Estado membro¹².

A proposta de directiva pretende mellorar a definición dos supostos nos que existe desprazamento de traballadores para os efectos da Directiva 96/71/CE. Para iso, inclúe unha lista indicativa

⁶ Recomendación da Comisión, do 31 de marzo de 2008, relativa a una maior cooperación.

⁷ Decisión 2009/17/CE da Comisión, do 19 de decembro de 2008, pola que se crea o Comité de Expertos sobre Desprazamento de Traballadores, DO L 8, do 13 de xaneiro de 2009, p. 26.

⁸ Documento COM(2011) 206 final.

⁹ Documento COM(2012) 131 final.

¹⁰ Proposta da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á garantía de cumprimento da Directiva 96/71/CE sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos, artigo 1.1.

¹¹ Artigo 2.1.

¹² Artigo 1.1.

e non exhaustiva de criterios que deben axudar a identificar, dúas cuestións:

- Se existe ou non a temporalidade que caracteriza o desprazamento.
- Se realmente se trata dunha empresa establecida nun Estado membro desde o que ten lugar o devandito desprazamento.

Mellorar o acceso á información

As empresas atopan importantes obstáculos para acceder á información sobre as condicións de traballo e emprego que cumprir respecto dos traballadores que desprazan. A proposta de directiva introduce medidas coa finalidade de mellorar o acceso a devandita información:

- As condicións de traballo aplicables deben darse a coñecer publicamente a través de internet, en linguas distintas das nacionais.
- Ademais ten en conta que "se é posible" se indique unha persoa de contacto encargada de tramitar as solicitudes de información;
- No caso en que se deban aplicar convenios colectivos, os Estados membros deben velar para que os interlocutores sociais os identifiquen e poñan a información pertinente ao alcance dos prestadores de servizos e dos traballadores doutros Estados membros.

Cooperación administrativa

A proposta de directiva fai explícitos compromisos en materia de cooperación administrativa, en canto á resposta mutua de peticións de información, así como de comprobación, inspección e investigación que intercambien as autoridades dos Estados membros.

Cada Estado membro comprobará e seguirá a actividade dos prestadores de servizos no seu territorio, intercambiándose entre eles a información que sexa precisa para o seguimento e control dos operadores.

Así, o Estado membro ao que o prestador de servizos desprace traballadores (estado de acollida), poderá solicitar ao Estado membro no que estea establecido o prestador (estado de establecemento) información sobre a súa actividade e o cumprimento de todos os requisitos e obrigas para o seu desenvolvemento.

Sistemas de control

A proposta da directiva establece os sistemas de control e inspeccións que, conforme á doutrina do Tribunal de Xustiza, son compatibles co Tratado de Funcionamento da UE, sen crear ou manter restricións inxustificadas e desproporcionadas respecto dos prestadores de servizos.

Para iso, limita as medidas de control que poden establecer os estados de acollida:

- Poderán esixir unha declaración á empresa cando comece a desenvolver a súa actividade nese estado, que só poderá recoller: a identidade do prestador de servizos, a presenza dun ou máis traballadores desprazados claramente identificables, o número previsto de traballadores desprazados, a duración prevista e a situación dos devanditos traballadores, así como os servizos que xustifican o desprazamento.
- Poderán obrigar á conservación do contrato de traballo, das nóminas, dos horarios e dos comprobantes do pagamento de salarios, ou de gardar copias en papel ou en formato electrónico de tales documentos, ou copias de documentos equivalentes, durante o período de desprazamento, nun lugar accesible e claramente identificado do seu territorio.

- Poderán esixir a tradución dos documentos mencionados anteriormente, que pode estar xustificada se non son excesivamente longos e se para os redactar adoitan utilizarse formularios estándar.

- Poderán obrigar a designar unha persoa de contacto que represente ao empregador.

O Tribunal de Xustiza definiu unha serie de requisitos que non poderán ser esixidos ás empresas:

- Establecemento, autorización ou rexistro nese estado.
- Designación dun representante establecido, domiciliado ou residente no devandito estado.
- Conservar determinados documentos laborais sen excepción nin limitación temporal.
- Contar con documentos laborais elaborados conforme á normativa do país de acollida.

Os Estados membros deberán facilitar o cumprimento dos procedementos e formalidades relacionados co desprazamento de traballadores, e na medida do posible, a distancia e por medios electrónicos.

En canto ás inspeccións, encomenda aos Estados membros o establecemento de sistemas de comprobación adecuados sobre as obrigas recollidas pola Directiva 96/71/CE. Dispón que as inspeccións se baseen nunha avaliación de riscos previa para detectar sectores nos que exista unha maior concentración de traballadores desprazados.

Sistemas de garantía do cumprimento

Os traballadores desprazados poderán exercer os seus dereitos persoalmente ou a través de terceiros con interese lexítimo, ante os tribunais do país de orixe ou do país ao que fosen desprazados, aínda tras finalizar o desprazamento.

Especificamente, insta que os Estados membros dispoñan os mecanismos necesarios para que os traballadores recuperen toda remuneración pendente conforme á Directiva 96/71/CE.

No sector da construción, impón a responsabilidade solidaria ao contratista do que o empregador sexa subcontratista directo, polo non pagamento de salarios, cotizacións a fondos ou institucións comúns dos interlocutores sociais ou cotizacións á seguridade social retidos indebidamente do salario.

Con todo, a propia proposta habilita os Estados membros a estender esta responsabilidade solidaria tanto no ámbito como no alcance, así como a regular a dita responsabilidade en relación con outros sectores.

Execución transfronteiriza de multas e sancións administrativas

Prevese un sistema de recoñecemento e execución de multas e sancións administrativas, para permitir a execución no estado de orixe de resolucións adoptadas no estado de acollida.

Aprobación e trasposición da directiva

Unha vez que se aprobe definitivamente a proposta de directiva e entre en vigor, os Estados membros contarán con dous anos (segundo recolle a proposta na data deste artigo) para a súa trasposición e plena aplicación.

Evolución do emprego

No segundo semestre do ano 2011, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal contaba cunha poboación activa de 3.286.500 persoas, poboación que diminuíu en 800 persoas ata pechar o ano cunha cifra que ascendía a 3.285.700 persoas. Analizando este indicador en función do xénero, obsérvase a mesma tendencia tanto en Galicia coma no norte de Portugal: mentres que a poboación activa masculina diminúe, a poboación activa feminina vai en aumento ao longo do segundo semestre.

En canto á taxa de actividade, en Galicia mantense o seu valor nun 55,3% tanto no terceiro como no cuarto trimestre de 2011, xa que a diminución desta taxa entre a poboación activa masculina se compensa co aumento que se produce na taxa referida á poboación feminina; con todo, na rexión Norte de Portugal, esta taxa sofre un lixeiro retroceso provocado pola diminución da taxa de actividade masculina que non puido ser compensada polo incremento da taxa feminina.

Respecto á taxa de paro, o seu comportamento foi idéntico tanto en Galicia como no norte de Portugal e tanto entre homes coma mulleres: a taxa de paro aumentou ao longo do segundo semestre do ano 2011.

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
	Total	Homes	Mulleres
2011/III	1.313,5	702,0	611,6
2011/IV	1.313,3	696,7	616,5

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
	Total	Homes	Mulleres
2011/III	1.973,0	1.054,3	918,7
2011/IV	1.972,4	1.048,7	923,7

Fonte: Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INE)

Taxa de actividade			
Galicia			
	Total	Homes	Mulleres
2011/III	55,3	61,8	49,3
2011/IV	55,3	61,5	49,7

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
	Total	Homes	Mulleres
2011/III	62,0	69,3	55,3
2011/IV	61,9	68,9	55,5

Fonte: Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INE)

Taxa de paro			
Galicia			
	Total	Homes	Mulleres
2011/III	17,2	16,3	18,3
2011/IV	18,3	17,6	19,1

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
	Total	Homes	Mulleres
2011/III	12,7	11,6	13,9
2011/IV	14,1	12,6	15,8

Fonte: Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INE)

Oferta e demanda de emprego

Ocupacións con maior demanda na rexión Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, durante a segunda metade do ano 2011, xestionáronse un total de 18.858 ofertas de emprego a través dos centros de emprego. O maior número de ofertas correspondíase coa busca de perfís de “operarios, artesáns e traballadores similares”, cun total de 5.861 ofertas, o que supón un 31,08% do total, seguido das ofertas correspondentes a “persoal de servizos e vendedores”, cun total de 4.033 ofertas xestionadas, o que implica un 21,39% do total. En terceiro lugar, segundo o número de ofertas xestionadas, atópanse os “traballadores non cualificados” cun total de 3.652 ofertas, é dicir, un 19,37% do total. Este grupo, seguindo a *Classificação Nacional de Profissões* (CNP 94), divídese en “traballadores non cualificados dos servizos e comercio”, “traballadores non cualificados da agricultura e pesca” e “traballadores non cualificados das minas, da construción e obras públicas, da industria transformadora e dos transportes” sendo este último grupo ao que corresponderon un maior número de ofertas.

	Ocupacións con maior demanda na rexión Norte de Portugal					
	Xullo	Agosto	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Cadros superiores da Administración pública, dirixentes e cadros superiores de empresas	6	17	2	6	9	12
Especialistas das profesións intelectuais e científicas	216	281	108	95	113	101
Técnicos e profesionais de nivel intermedio	329	131	287	319	282	293
Persoal administrativo e similares	235	239	227	208	129	280
Persoal de servizos e vendedores	733	597	1.113	569	355	666
Agricultores e traballadores cualificados da agricultura e pesca	18	17	38	19	24	25
Operarios, artesáns e traballadores similares	1.071	824	1.114	891	1.149	812
Operadores de instalacións e máquinas e traballadores de montaxe	246	288	215	175	142	180
Traballadores non cualificados	586	520	829	644	583	490

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto de Emprego e Formação Profissional (IEFP)

Ocupacións con maior demanda en Galicia

Durante o segundo semestre do ano 2011, o número total de postos ofrecidos para a súa xestión ao Servizo Público de Emprego de Galicia ascendeu a 9.188 postos, dos cales o maior número se referiu a “técnicos, profesionais de apoio” cun total de 1.580 postos ofrecidos, o que supón un 17,20% do total. O segundo lugar dos postos máis ofrecidos ao Servizo Público de Emprego foi o referido a “outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais”, cun total de 1.093 postos ofrecidos, é dicir, case o 12% do total. Seguiron as ofertas referidas a “traballadores dos servizos da saúde e do coidado de persoas”, que ascenderon a un total de 972 o que implica case un 11% do total.


	Ocupacións con maior demanda en Galicia					
	Xullo	Agosto	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Directores e xerentes	1	4	4	8	5	3
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais da saúde e do ensino	139	69	227	110	49	61
Outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais	88	106	432	268	119	80
Técnicos: profesionais de apoio	212	201	338	416	215	198
Empregados de oficina que non atenden o público	55	68	113	74	54	57
Empregados de oficina que atenden o público	28	10	27	128	85	28
Traballadores dos servizos de restauración e comercio	209	156	220	117	120	102
Traballadores dos servizos de saúde e coidado de persoas	210	144	216	167	98	137
Traballadores dos servizos de protección e seguridade	105	23	9	4	7	2
Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	52	53	44	41	18	18
Traballadores cualificados da construción, agás operadores de máquinas	133	169	97	76	39	37
Traballadores cualificados das industrias manufactureiras, agás operadores de instalacións e máquinas	104	82	76	73	72	40
Operadores de instalacións e maquinaria fixas, e montadores	26	13	13	3	3	5
Condutores e operadores de maquinaria móbil	173	42	35	27	30	20
Traballadores non cualificados en servizos (agás transportes)	118	93	76	60	77	66
Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	312	173	122	172	134	42
Ocupacións militares	-	-	1	2	-	-

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar

EMPREGO


Se comparamos as ocupacións máis demandadas a ambos os dous lados da fronteira, obsérvase que, mentres que na rexión Norte de Portugal a demanda de traballadores cualificados das industrias manufactureiras vai en aumento, seguido dos traballadores de servizos, protección e seguridade, en Galicia priman as ofertas dirixidas a técnicos e profesionais de apoio. Este grupo de ocupación, segundo a Clasificación Nacional de Ocupacións aprobada polo Real decreto 1591/2010, do 26 de novembro (CNO-11), inclúe os seguintes subgrupos principais: técnicos das ciencias e das enxeñaría; supervisores en enxeñaría de minas, de industrias manufactureiras e da construción; técnicos sanitarios e profesionais das terapias alternativas; profesionais de apoio en finanzas e matemáticas; representantes, axentes comerciais e afíns; profesionais de apoio á xestión administrativa, técnicos das forzas e corpos de seguridade; profesionais de apoio de servizos xurídicos, sociais, culturais, deportivos e afíns; técnicos das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC).

Ocupacións máis demandadas
Rexión Norte de Portugal • Segundo semestre 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto de Emprego e Formación Profesional (IEFP)

Ocupacións máis demandadas
Galicia • Segundo semestre 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos de Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar

Ofertas de emprego por sector produtivo na rexión Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, durante a segunda metade do ano 2011, o sector produtivo que lidera a oferta de traballo é o da industria manufactureira, seguido das actividades inmobiliarias. Segue sendo a industria do vestiario e do coiro a que oferta maior número de empregos.

	Ofertas por sector produtivo na rexión Norte de Portugal					
	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Industria manufactureira	867	552	861	829	997	931
Actividades inmobiliarias	844	855	870	671	757	950
Comercio e reparación de vehículos	360	247	533	397	336	323
Construción	307	306	35	230	187	176
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	398	339	170	186	114	146
Hostalaría	262	335	721	310	119	108
Outras actividades de servizos	155	137	142	70	78	100
Actividades profesionais, científicas e técnicas	149	38	112	37	63	62
Agricultura, gandería e pesca	15	28	31	54	25	20
Actividades de comunicación	9	27	27	25	53	17
Transporte, almacenaxe	56	34	52	25	23	13
Electricidade, gas, auga e saneamento e residuos	13	12	18	21	7	5
Actividades financeiras e de seguros	4	1	8	6	23	4
Industria extractiva	1	2	8	2	2	1

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto de Emprego e Formación Profesional (IEFP)


Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia

A tendencia xeral do número de postos ofrecidos para a intermediación laboral e para que os servizos públicos de emprego xestionen a súa cobertura cos demandantes máis idóneos segue sendo decrecente na maioría dos sectores de actividade económica en Galicia, se ben está especialmente acusado este descenso nos sectores de hostalaría e construción durante a segunda metade do ano 2011. A oferta líder a o sector da Administración pública, defensa, educación, sanidade e servizos sociais, se ben este sector está directamente influenciado pola oferta pública de emprego. O segundo sector en importancia, segundo as ofertas introducidas nos servizos públicos de emprego, correspóndese coa sección "Outros servizos" recollida na Clasificación Nacional de Actividades Económicas aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril (CNAE-2009). Segundo esta clasificación dentro da sección "Outros servizos" inclúense: actividades asociativas; reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico; outros servizos persoais.

	Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia					
	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Administración pública, defensa, educación, sanidade e servizos sociais	880	573	731	607	341	346
Outras actividades de servizos	124	73	424	357	159	101
Comercio e reparación de vehículos	142	135	170	135	134	95
Construción	184	127	107	88	86	69
Hostalaría	164	136	118	81	82	53
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	117	92	98	83	63	46
Actividades profesionais, científicas e técnicas	53	40	119	130	33	42
Industria manufacturera	93	72	73	70	44	42
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	47	33	61	53	38	32
Agricultura, gandería e pesca	54	36	48	63	23	6
Financeiras e seguros	32	10	39	16	40	18
Información e comunicación	27	23	22	26	17	24
Transportes, almacenaxe	24	14	15	9	21	8
Industria extractiva	2	6	0	1	0	0


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar

Sectores produtivos con maior oferta laboral
Rexión Norte de Portugal • Segundo semestre 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto de Emprego e Formação Profesional (IEFP)

Sectores produtivos con maior oferta laboral
Galicia • Segundo semestre 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar



Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Rúa do Vilar, 54

15705 Santiago de Compostela

Teléfono: + 34 981 555 888

Fax: + 34 981 555 882

Correo electrónico: euinfo@ceg.es

<http://www.ceg.es>



EURES Transfronteirizo

Norte Portugal-Galicia

Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha

4930 - 677 Valença. Portugal

Teléfono: + 351 251 826 105

Fax: + 351 251 826 104

<http://www.eures-norteportugal-galicia.org>

A información e os contidos incluídos neste boletín son propiedade da Confederación de Empresarios de Galicia e non teñen carácter vinculante, xa que se trata dun servizo ofrecido cun carácter informativo e divulgativo. Tampouco representan a opinión da Comisión Europea, que non se responsabiliza do uso que se poida facer deles.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos deste boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CEG

Ofertas de cooperación

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea puxo a disposición da Entreprise Europe Network unha ferramenta telemática deseñada para identificar e localizar empresas interesadas en establecer acordos de cooperación: a Business Cooperation Database (BCD).

A continuación, preséntanse algúns dos perfís de cooperación ofrecidos ou demandados por empresas portuguesas e galegas. Para solicitar información complementaria sobre os perfís ou sobre as empresas solicitantes é necesario dirixirse ao Servizo de Información Comunitaria e Innovación da Confederación de Empresarios de Galicia (euinfo@ceg.es).

Portugal

Empresa portuguesa especializada na produción de compoñentes electrónicos (sistemas de iluminación LED, microcontroladores, sistemas de adquisición de datos e redes de comunicación de datos) busca intermediarios comerciais. [Ref. 20081231018](#)

Empresa portuguesa especializada no desenvolvemento de estudos e proxectos sobre equipos/sistemas eléctricos, gas, instalación de canalizacións, HVAC, domótica, enerxías alternativas, sistemas antiincendios, seguridade/detección, infraestruturas de telecomunicacións e instalacións mecánicas e electromecánicas busca intermediarios comerciais en España, Francia e Bélxica na área de paneis fotovoltaicos. [Ref. 20111213056](#)

Empresa portuguesa do sector de roupa deportiva de alta calidade, garantías técnicas e deseños únicos busca distribuidores en Europa. A empresa é líder no mercado portugués e está presente en varios países. [Ref. 20111223032](#)

Empresa portuguesa especializada en optometría, óptica, lentes de contacto, marcos para lentes e lentes de sol, que dispón de equipos de consultoría médica (equipos de laboratorio e electrónicos), busca socios interesados en comprar a empresa. [Ref. 20111115019](#)

Empresa portuguesa dedicada á venda por xunto de froitas e hortalizas busca axentes e distribuidores e cooperación con empresas de transporte e loxística. [Ref. 20120217045](#)

Empresa portuguesa dedicada á venda de produtos domésticos (utensilios de cociña) desenvolveu a súa propia marca baseada en produtos *gourmet* e *premium* e busca intermediarios comerciais en España (axentes ou distribuidores para vender os produtos exclusivos da empresa). [Ref. 20120220049](#)

Empresa portuguesa especializada en tecnoloxías da información e comunicación, sistemas de xestión e software para sectores como organización e xestión, medio ambiente, enerxía, turismo etc. ofrece servizos de intermediación comercial como axente, representante ou distribuidor. [Ref. 20120221031](#)

Empresa portuguesa especializada na produción, venda e exportación de caracois (*helix aspersa*) busca intermediarios comerciais (axentes, representantes e distribuidores). [Ref. 20120220052](#)

Empresa portuguesa dedicada á produción de carne afumada e rechea, e viño do norte de Portugal busca intermediarios comerciais (distribuidores) e comerciantes polo miúdo de alimentos *gourmet*. [Ref. 20120220053](#)

Fabricante portugués de fornos, secadoras e outros equipos para a industria de cerámica busca intermediarios comerciais. A empresa fabrica os equipos en Portugal e está interesada en controlar a produción e posta en marcha. [Ref. 20120123032](#)

Galicia

Empresa española especializada en produtos e servizos ambientais (conservación do medio ambiente, prevención da contaminación e tratamento de residuos) ofrece servizos de representación estratéxica, técnica e comercial. Así mesmo, busca oportunidades de *joint venture*, fusión ou intercambio de accións e subcontratación. [Ref. 790](#)

Empresa galega especializada en investigación, desenvolvemento e fabricación de produtos e sistemas relacionados coa transmisión de televisión analóxica e dixital busca distribuidores. [Ref. 2008093032](#)

Empresa galega especializada en software para hoteis (PMS) e ERP hoteleiro busca unha empresa ou representante para distribución exclusiva dos seus produtos en hoteis. [Ref. 20101215045](#)

Empresa galega especializada en deseño e produción de lámpadas decorativas para mercado de alto nivel busca axente ou distribuidor. [Ref. 20101129038](#)

Empresa galega especializada en venda de produtos gastronómicos de calidade da rexión de Galicia: viño, licor, queixo, doces, conservas, etc., busca axente, representante ou distribuidor. [Ref. 20101130034](#)

Empresa galega con cincuenta e cinco anos de experiencia na fabricación de mobles modernos para o fogar, unha das empresas líderes e innovadoras en España neste sector, busca canles de distribución e tendas de mobles para expandir o seu negocio. [Ref. 20110524007](#)

Empresa galega especializada en deseño ad hoc e implantación de solucións tecnolóxicas para o sector educativo busca socios (universidades, colexios, escolas de negocios, institucións educativas e empresas) para distribuír os seus produtos ou subcontratar servizos. [Ref. 20110524025](#)

Comerciante por xunto (representante de turoperadores) e comerciante polo miúdo de servizos/productos turísticos, especializado en turismo cultural e relixioso, busca e ofrece servizos de intermediación comercial: turoperadores que os representen e viceversa, así como aloxamentos (nun amplo abano de prezos) con certo encanto e situados en enclaves culturalmente estratéxicos. [Ref. 20110601015](#)

Empresa galega representante de vendas e distribuidora de materiais de construción para vivendas prefabricadas automatizadas con prefabricados de formigón armado e pretensado. Tamén ofrece o seu *know how* en produtos ECO-BIO e de aforro enerxético para construción sustentable. Dirección de proxectos e servizos técnicos. A empresa busca e ofrece os seus servizos para intermediarios comerciais e *joint venture*. [Ref. 20110614026](#)

Empresa española especializada en fabricación de carpintería de aluminio e PVC, busca cooperación comercial para distribuír os seus produtos. A empresa ten unha ampla experiencia no sector e ofrece un amplo rango de produtos: portas e ventás feitas de PVC, aceiro ou aluminio (con ou sen rotura de ponte térmica). Así mesmo, fabrica sistemas de fachadas e muros cortina, peches de aceiro, portas de panel, etc. [Ref. 20120228028](#)